

1. O Calendario

Aínda que o calendario non é unha ferramenta de comunicación en si mesma, constitúe un elemento informativo tan importante, que podemos velo como unha ferramenta máis deste distinguido grupo.


Unha maneira de traballar con medios dixitais na aula, é dándolle prioridade aos procedementos fronte aos contidos, empregando unha boa parte da sesión na elaboración de prácticas. Os alumnos deben responder ás distintas cuestións que aparecen nas prácticas á vez que resollen as dúbidas. O docente axuda coas dificultades individuais, cos atrancos cos que se vai atopando o alumando, con axudas tipo flash para que un alumno específico, ou con aclaracións ao gran grupo.

O calendario pode servir para organizar prácticas que o docente vai publicando semanalmente, quincenalmente ou por unidade didáctica. O calendario axuda aos alumnos a planificar o seu traballo. Vexamos como se publican datas no calendario:

1. O primeiro que debemos facer é facer visible o bloque do calendario. Para isto, clic en Activar a edición

Un botón rectangular azul con o texto "Activar a edición" en branco.

2. Na columna da esquerda pinchamos en Engadir un bloque



3. Seleccionamos calendario

Bolsa de recursos
Busca nos foros
Calendario
Comentarios
Descrición da materia/sitio

E deste xeito xa o podemos visualizar na columna da dereita.

Calendario

◀ Xaneiro 2022 ▶

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

-   Agochar sitio eventos
-   Agochar categoría eventos
-   Agochar materia eventos
-   Agochar grupo eventos
-   Agochar usuario eventos
-  Agochar outro eventos

4. Para inserir eventos no calendario pinchamos enriba do mes

Calendario

◀
Xaneiro 2022
▶

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

- 🌐 Agochar sitio eventos
- 📁 Agochar categoría eventos
- 📁 Agochar materia eventos
- 👥 Agochar grupo eventos
- 👤 Agochar usuario eventos
- ☐ Agochar outro eventos

5. E no calendario engadimos o evento. No caso de que sexa un evento individual, como pode ser un exame, pinchamos en Novo evento

Novo evento

6. Introducimos o título e a data


Título do evento ⓘ

Data

Tipo de evento

Materia × Matemáticas

E o alumno visualizao así:



7. No caso de que sexa un evento que se repite ao longo do tempo, como por exemplo a entrega de prácticas, inserimos a data da primeira práctica, por exemplo o venres día 4 de Febreiro ás 23:59. Seguidamente pinchamos en Amosar máis e seleccionamos Repetir este evento e escollemos 4 repeticións semanais, por exemplo.

Título do evento

Data

Tipo de evento

Repetir este evento

Repetir semanalmente, creando xuntos

E o alumno visualizaríao do seguinte xeito, o día 14 está programado o exame e todos os venres do mes de febreiro debe de entregar a práctica que foi elaborando nas distintas clases e na casa.



8. Tamén podemos configurar un evento que dura varios días consecutivos. Por exemplo a semana cultural do centro:

Título do evento

Data

Tipo de evento

Duración Sen duración
 Ata
 Duración en minutos

Quedando o calendario do seguinte xeito:

Xaneiro 2022

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						